

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE TURISMO RURAL (FEGATUR) PARA A IMPLEMENTACIÓN DE MEDIDAS HIXIÉNICO-SANITARIAS PARA ESTABLECEMENTOS DE ALOXAMENTO RURAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Federación Galega de Turismo Rural (FEGATUR) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Federación Galega de Turismo Rural (FEGATUR), para a implantación de medidas hixiénico-sanitarias para establecementos de aloxamento rural da Comunidade autónoma de Galicia, con independencia de que estean ou non asociados, coa realización das seguintes accións:

1. Acción de difusión e sensibilización, para que as empresas de aloxamento rural sexan conscientes do cambio na normativa
2. Formación individualizada: Neste ámbito procurarase que os traballadores dos establecementos que realicen a apertura das súas instalacións, reciban a formación e cualificación necesaria.
3. Elaboración de documentos tipo para a implantación
4. Apoio no proceso de implantación no establecemento
5. Servizo de consultas para que as empresas poidan trasladar cuestións operativas sobre a implantación destas medidas

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:



Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- FEGATUR constitúese como unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxa finalidade é a promoción do turismo rural de Galicia así como fomentar, dinamizar e mellorar todas as actividades empresariais dos seus asociados relacionados co Turismo Rural, sendo a entidade máis representativa de aloxamentos de turismo rural.

Terceiro.- A crise xerada pola evolución epidemiolóxica do COVID-19 provocou unha parálise total do sector turístico. As estimacións e proxeccións actuais prognostican un impacto económico especialmente intenso nuns ámbitos moi supeditados aos desprazamentos, á confianza dos mercados e cunha marcada estacionalidade.

Nos próximos meses preséntase un escenario de recuperación lento e progresivo, condicionado polas medidas de restrición de mobilidade e concentración de persoas.

En consecuencia, as necesidades e demandas no eido turístico, por mor das medidas de contención do COVID-19, mudaron profundamente.

Neste contexto, o Consello da Xunta aprobou, o pasado día 30 de abril de 2020, o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19.

O Plan recolle como medida principal da acción da Axencia Turismo de Galicia neste ano 2020 o programa Galicia, destino Seguro, establecendo a implementación dunha serie de medidas que convertan e difundan a idea de Galicia como un territorio seguro e incentiven a visita segura a Galicia.

Na medida 28, de apoio ao tecido empresarial e ao mantemento do turismo, contéplase o apoio á adecuación hixiénico-sanitaria para establecementos hostaleiros e aloxamentos



turísticos. Esta medida pretende facilitar a adaptación dos establecementos aos requisitos esixidos nos protocolos hixiénico-sanitarios. A achega pública a este proceso de adaptación pretende limitar a carga financeira que pode supoñer para a cadea de valor do sector turístico. Favorecerá a adquisición de equipamentos e preparación de espazos para adoptar medidas en establecementos hostaleiros e aloxamentos turísticos.

Cuarto.- O obxectivo do presente convenio é a formación e implantación das medidas que permitan reducir o contaxio pola COVID-19, nos establecementos de aloxamento rural.

Que a través deste convenio se outorga á Federación Galega de Turismo Rural (FEGATUR) unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, se estima xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

